

INSTRUCCIÓN PARA A IMPUTACIÓN CONTABLE DE GASTOS DE VIAXE, ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN DE PERSOAL ALLEO QUE REALICE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN

A normativa orzamentaria require que os créditos do estado de gastos do orzamento se adecúen á súa natureza económica, de acordo coa clasificación por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos. Para cumprir con esta esixencia e ter adecuadamente identificados os gastos, cómpre autorizar a utilización de códigos de imputación específicos, para o capítulo VI “Investimentos reais”, no caso de compensación de gastos de: viaxe, aloxamento e manutención, para o persoal alleo, que deba ser indemnizado e realice actividades de investigación con financiamento alleo (proxectos, convenios, contratos ou accións financiadas co financiamento propio para grupos de investigación da UDC).

1º.- COMPENSACIÓN DE GASTOS DE VIAXE, ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN DE PERSOAL ALLEO

Establécese a seguinte desagregación para a imputación contable destes gastos:

Capítulo VI:

a) Proxectos de investigación:

- **649.02.13** Compensación gastos de viaxe
- **649.02.14** Compensación gastos de aloxamento
- **649.02.15** Compensación gastos de manutención

A estes subconceptos imputaranse os gastos de viaxe, aloxamento e manutención, por asistencia a congresos, conferencias, visitas e estadías curtas de investigadores, invitados, de membros do equipo de investigación ou que formen parte do equipo de traballo do proxecto, de acordo cos criterios que se establezan na normativa reguladora da axuda.

b) Convenios e contratos

- **640.00.13** Compensación gastos de viaxe
- **640.00.14** Compensación gastos de aloxamento
- **640.00.15** Compensación gastos de manutención

c) Fondos de investigación

- **649.00.13** Compensación gastos de viaxe
- **649.00.14** Compensación gastos de aloxamento
- **649.00.15** Compensación gastos de manutención

O réxime de xustificación adecuarase á normativa reguladora, en función da orixe dos fondos, en cada caso.

2º.- ENTRADA EN VIGOR E EFECTOS

No caso de **expedientes de gasto iniciados antes da publicación desta instrución**, deberán efectuarse as redistribucións necesarias para que a imputación do expediente económico se efectúe de acordo cos criterios que se indican.

Esta modificación entrará en vigor, a partir do día seguinte da súa notificación. Non ten carácter retroactivo.

Para formalizar os gastos recollidos nesta instrución, debe terse en conta o regulado en relación coas indemnizacións por razón de servizo na normativa da UDC e na normativa de aplicación en cada caso, estatal e autonómica.

A Coruña, 10 de xuño de 2016

O xerente



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Juan M. Díaz Villoslada